

*A gaita gallega*, Xoán Manuel Pintos

Pedro Luces xa conta contos

Neste mesmo tempo, digo, en que para moito se facía a vista gorda por moitos que lonxe de cortar cultivaban as maceiras de Sodoma, neste mesmo tempo, repito, facendo a súa terceira foliada no Burgo pequeno, fronte ao cruceiro á vista de Pontevedra, o gaiteiro lle dicía a Pedro Luces:

- |   |  |
|---|--|
| <p>Que andas aí fochicando<br/>no vade tamborileiro?<br/>–Señor no revuelvo nada,<br/>que con gusto estoy leyendo</p> <p>5 Y tomando mis apuntes<br/>Para entender el gallego,<br/>Que a fe que me va gustando<br/>Cuanto mas en él progreso.<br/>Usted ya me tiene dicho</p> <p>10 Que no se perdone medio<br/>De adelantar acopiando<br/>Lo mejor y más selecto. [...]<br/>–Pois logo xa que estudas<br/>Dime pouco máis ou menos</p> <p>15 Que idea vas ti formando<br/>Deste idioma galego?<br/>–Señor, a mi me parece<br/>Que es inmediato dialecto<br/>Del latín y que conserva</p> <p>20 Muchos vocablos enteros [...]<br/>Lo encuentro fácil y dulce<br/>Sonoro, fuerte y muy lleno,<br/>Abundante y trabajado<br/>Será mejor que el más bueno.</p> <p>25 –Se pensas ti con esos ditos,<br/>Falar só de cumprimento,<br/>Fai de conta que a cen “tis”<br/>Doulles eu moi pouco creto.</p> | <p>A verdade está no seu punto</p> <p>30 E son capaz de fendelo:<br/>O que diga que este idioma<br/>Non é tan bo coma o primeiro.<br/>–Señor, por lo más sagrado,<br/>Le juro que soy sincero</p> <p>35 Y que dije francamente<br/>Lo que alcanzo y lo que siento.<br/>–Pero vamos, a ti gústache?<br/>Afaste a falar galego?<br/>Botarás un carto a espadas</p> <p>40 Para dar as probas diso?<br/>–Hablo poco, sin embargo<br/>de que lo bastante entiendo;<br/>Pero por dar a V. gusto<br/>Diré aunque mal por ejemplo:</p> <p>45 E chichirico carrizo!<br/>Chichirico teño dito,<br/>E chichirico repito<br/>Mais que me fagan feitizo,<br/>Que ás bruxas tamén lles atizo,</p> <p>50 E de aquí mesmo lles fito,<br/>E o seu coiro maldito<br/>Lles chamusco cun tizón</p> |
|---|--|

- Se non din de corazón  
Que o galego é chichirico. [...]
- 55 –Vaia vaia que aínda moitos  
Aquí nados con enxeño  
Tomaran eles gabarse  
Do que o meu tamborileiro.  
Sigue sigue con coidado
- 60 Parando mentes atento  
Nas leccións que non es rudo  
Se queres sacar proveito.  
E dime, ti agora lías,  
Escribías ou o tempo
- 65 Perdías esborrachando  
Coa pluma do meu tinteiro? [...]  
–Si señor: agora mesmo  
Lo digo señor Gaitero.  
Ahí va:
- 70 Indo unha vez polo monte  
De cachaperna a cabalo  
Un home cabo dun valo  
Parouse detrás dun con  
Dous cadelos escoitando
- 75 Un da vila, outro da aldea  
Que despois dunha pelexa  
Trabaran conversación.  
Ti xa perdiches os fumes,  
Dicía o can de palleiro
- 80 Fixécheste un mariqueiro
- Sen forza para ladrar  
Xa morder ti ben non podes  
Con tal podrico nos dentes.  
Inda no pan teño mentes,  
85 Seica non podes chanchar.  
Vai para a vila correndo,  
Cata non volvas á aldea  
Porque da vosa relea  
Pensámonos desfacer,  
90 Pois nados para xoguetes  
De señores aburridos,  
Da nosa especie fuxidos  
Non nos podes xa porter.  
Ti non sabes que nosoutros,  
95 O can da vila dicía,  
Logramos da policía  
Da xente de sociedade?  
Que entre señores nacemos,  
Con señores nos criamos  
100 E tamén participamos  
Da súa necesidá?  
Imitámoslles en todo:  
Na misa estamos ladrando,  
Dando voltas e ruando  
105 Coas cadelas que alí están.  
Se hai música, Deus me dera!  
A compás alí ouveamos,  
Adiante e atrás andamos

- Facendo o que as xentes fan. [...]
- 110 Maloutáns, e furabolos,  
Almallos, e furabolos,  
Lacazáns, e mais lareiros,  
Moito fino lampantín  
Da aldea, mazabarrigas,
- 115 Marráns, e arrocheiros,  
Talludos, e farfulleiros.  
E mais tanto palanquín!
- Anque non son curioso,  
Moito o saber me regala
- 120 Cando poidas ven e fala  
O outro can replicou,  
Mais agora para a vila  
Vaite logo, mal pecado,  
A comer o pan roubado
- 125 Con quen te desnaturou.  
O home que de a cabalo
- Detrás do con escoitaba  
O que cada can falaba  
escribía nun papel,
- 130 e cando os cans se partiron  
Os respectivos lugares  
A espora cos calcañares  
Espetou no coiro del.
- Ya dije lo que he estudiado
- 135 Mejor que los mandamientos.  
Que tal, me ha faltado algo  
Señor Gaitero en el cuento?  
–Mira, como así deprendas  
Asegúroche que co tempo
- 140 Podes poñer unha escola  
Para ensinar o galego.  
E será de ver na patria  
Dos Feixós e dos Sarmentos,  
Que o que non fan os patricios,
- 145 O fagan os forasteiros.